

JOHN FANTE

A irmandade da uva

Traducido por Adrián Estévez



Hugin e Munin

1

Unha noite do pasado setembro, o meu irmán chamou por teléfono dende San Elmo para anunciarme que mamá e papá estaban a falar outra vez de divorcio.

—Non hai ningunha outra novidade?

—Esta vez é de verdade —dixo Mario.

Nicholas e Maria Molise levaban casados cincuenta e un anos, e malia que tiveran unha relación caótica dende o comezo, seguiran xuntos grazas ao implacable catolicismo da miña nai, que castigaba o seu marido cunha exasperante tolerancia do seu egoísmo e desprezo. Porén, agora semellaba unha loucura que os vellos se deixasen a esas alturas das súas vidas, pois a miña nai tiña setenta e catro anos e o meu pai dous máis ca ela.

Pregunteille a Mario cal era o problema esta vez.

—Adulterio. Cachouno coas mans na masa.

Rin.

—Ese vello? Como pode cometer adulterio?

En realidade era a primeira acusación dese tipo en bastantes anos. A anterior estivera relacionada cos coqueteos do meu pai con Adele Horner, unha empregada de Correos —«unha bruxa chepuda», como a describira a miña nai—, unha muller de cincuenta anos cunha lixeira coxén. Pero iso fora anos atrás, e papá xa non era o que adoitaba ser. De feito, o día do seu último aniversario, en abril, vira como se revolvía no chan, xemendo e golpeando a

alfombra con ambos os dous puños en pleno ataque de próstata.

—Veña, Mario —dixen en broma—. Estás a falar dun vello xa esgotado.

Respondeu que mamá descubrira lapis de labios na roupa interior de papá, e cando o enfrontou coa evidencia (podía imaxinala perfectamente meténdolla baixo o nariz), el colleuna polo pescozo e estrangulouna, dobrouna sobre a mesa da cociña e deulle unha patada no cu. Malia que ía descalzo, o couce deixara unha mazadura na cadeira de mamá e quedáronlle sinais vermellos no seu pescozo.

Avergoñado polo covarde ataque á súa esposa, o meu pai fuxiu da casa xusto cando Mario entraba pola porta traseira. A visión das marcas de mamá enfurecérao tanto que saíu correndo, montou na súa furgoneta e conduciu a toda présa á comisaría de policía, onde presentou unha denuncia contra o seu pai, Nicholas Joseph Molise, na que o acusaba de agresión e malos tratos.

O cabo Regan, da policía de San Elmo, tratou de disuadir a Mario de levar a cabo tan drástica acción, pois era un vello compañeiro de esmorgas do meu pai e ambos os dous eran socios do Club Elks. Pero Mario golpeou o escritorio reivindicando as súas demandas, forzando con iso que o cabo cumprise co seu deber. Acompañado dun axente, o cabo Regan conduciu cara ao fogar dos Molise, na rúa Pleasant.

Con gran desacougo de Mario, o vello negouse a acatar o arresto, atrincheirándose no soportal dianteiro, armado cunha pa. Xuntouse axiña un grupo de veciños e o meu pai e o cabo entraron na casa e sentaron na mesa da cociña, ben dispostos a tomar viño e discutir a situación, mentres mamá choraba desconsolada no dormitorio.

O grupo que se formara fronte á casa dos Molise comezaba a invadir a calzada, e foi preciso avisar dúas patrullas

